A VIXILIA DO BOSQUE

Poemas de MANUEL ÁLVAREZ TORNEIRO
Edición de TERESA SEARA
Ilustracións de EMÉRITA MÉNDEZ

Encadernación rústica, sobrecuberta. 14,5 x 21 cm. 88 páx. 15 €
ISBN 978-84-19213-51-8. Poesía. Tambo.

DEIXOU AQUÍ A TARDE VIRADOS, SEN RUÍDO,
os seus caldeiros de cobre
e unhas brasas,
a voluta lentísima
dun incenso violeta
e unha esfera de cinza:
ese esluimento dos días máis anónimos,
de espellos excedidos.

Neste outro título inédito e de aparición póstuma fai o autor simultáneos os anos dunha soa existencia, estremecida e sensible, cos séculos todos do mundo, que bulen nas copas das árbores mentres as súas raíces descansan no infinito.

Ocorre, ese encontro da sensibilidade coa verdade, na hora en que o bosque flota entre o sono e o real agasallándolle epifanías a quen ten os sentidos alerta: é dicir, o poeta e, canda el, nós, os seus lectores. E os versos que Torneiro mediu pacientemente na báscula de precisión da Idea póñense ao servizo da Vida.

E instálannos na festa da fala, e dispóñennos para a loita contra o esquecemento, e comprométennos á fin coa defensa da beleza necesaria. Axúdannos así a rectificar, ao abeiro da lectura e co guieiro da mellor poesía, a eternidade e un día da nosa condena a ser homes e mulleres, transformándoa, celebrativamente, no agasallo da eternidade e un día de sermos mulleres e homes únicos e irrepetibles. Na vixilia do bosque, territorio do soño, república da palabra. Coa dose xusta da harmonía posible.

www.kalandraka.com
comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** poesía.
- **Aspectos destacables:** outros títulos de *Tambo*: «Os ángulos da brasa» (Premio Nacional de Poesía 2013, Premio da Crítica Española 2012, Premio Ánxel Casal de Poesía 2012, Premio de Poesía da AELG 2012), «Onde nunca é mañá», «Rigorosamente humano» e «Clave de bóveda», de Manuel Álvarez Torneiro; «Alén da fronteira. Sete poetas vascos» (Premio Lois Tobío de Tradución 2012); «Tríptico» de Antoni Marí; «Espiral de sombras» e «A árbore desvelada» de Xavier Seoane; «Estrela do norte» e «As sílabas do mundo» de Luís Rei Núñez; «Tempo de exilio» de Joseba Sarrionandia (I Premio Etxepare-Laboral Kutxa de Tradución 2015); «Diario de Crosses Green» e «A ganancia e a perda» de Martín Veiga; «Tempo transfigurado» de Cesáreo Sánchez Iglesias; «Cervatos» de Lucía Novas; «Feliz idade» (Premio Nacional de Poesía 2020, Premio da Crítica Española 2019, Premio da Crítica de Galicia 2020, Premio Gala do Libro Galego 2020) e «Cráter» de Olga Novo; «Catro cuartetos» de T.S. Eliot (tradución de Martín Veiga); «Imago» de Helena de Carlos; «As iluminacións» de Arthur Rimbaud (XXII Premio Plácido Castro á tradución de Oriana Méndez e Tamara Andrés; e «Aquiles e a bágoa» de Ana Ramil.
- **Avance do libro:** https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-vixilia-do-bosque-g

Manuel Álvarez Torneiro

(A Coruña, 1932-2019)

Traballou durante moitos anos no eido do xornalismo, vencellado ao diario *La Voz de Galicia*. Mantivo unha actividade poética ininterrompida dende o seu debut serodio, coa obra "Memoria dun silencio" (1982). A súa traxectoria inclúe os títulos "Rigorosamente humano" (1995, Premio Esquío), "Luz de facer memoria" (1999, Premio González Garcés e Premio da Crítica Española) e "Campo segado" (2001). A estes súmanse tamén os tres libros editados na colección Tambo: "Epicentro" (2003, finalista do Premio Nacional de Poesía), "Setembro Stradivarius" (2004) e "Parábola do incrédulo" (2006).